

## Na procura da *Estoria de Troya* perdida de Afonso X

(Sección 14: Literaturas medievais)

RICARDO PICHEL GOTÉRREZ

### PROPOSTA DE COMUNICACIÓN (galego):

O proceso de conformación da *Estoria de Troya*, que hoxe coñecemos intercalada na segunda e terceira parte da *General Estoria*, pódese rastrexar a partir de dous testemuños indirectos do século XIV: o códice 10.146 da Biblioteca Nacional de Madrid (que transmite un dos testemuños da *Historia Troyana Polimétrica*) e o manuscrito 558 da Biblioteca de Menéndez Pelayo de Santander (a *Historia Troiana* “bilingüe”). A través dunha análise textual e discursiva destes dous testemuños, pretendemos ofrecer algunhas conclusións vinculadas ao proceso de *compilatio* e *ordinatio* dunha das grandes “estorias unadas” da magna crónica universal afonsina, dado que o texto indirectamente transmitido por eles reflicte un estadio discursivo anterior dos materiais troianos que finalmente chegarían a compendiarse na obra de Afonso X.

A *Historia Troiana*, que combina de xeito independente o castelán e o galego no seu estado de redacción final, foi no seu momento un manuscrito guía ou borrador preliminar, orixinariamente redactado en castelán cara a finais da década dos 60 do século XIV, e encargado por Pedro I “o Cruel” nos prolegómenos da cruenta guerra civil que enfrontou os lexisimistas cos partidarios do seu medio irmán Henrique de Trastámara (futuro Henrique II). Tratábase dun artefacto cultural alternativo á gran *Crónica Troyana* do seu pai, Afonso XI, destinado a conformarse como un gran compendio de materia clásica e cabaleiresca de gran calado e proporcións, tanto a nivel textual como a nivel artístico. Tras o fratricidio de Pedro I, os folios casteláns da *Historia Troiana* sufrirían unha importante deterioración e mutilación cuxas lagoas textuais, porén, chegarían a ser completadas en galego uns poucos anos máis tarde (ca. 1369-1371) no círculo nobiliario da Casa de Andrade.

Esta obra, xunto co ms. 10.146 da Biblioteca Nacional, un exemplar acéfalo de mediados do séc. XIV que fusiona unha versión prosimétrica coa *Crónica Troyana* de Afonso XI, contén unha importante interpolación da materia troiana presente na *General Estoria*, principalmente na *Estoria de Troya* á que xa fixemos referencia antes. No caso da *Historia Troiana*, a interpolación é coetánea á redacción do texto, mentres que no caso do facticio da Biblioteca Nacional, a interpolación sería engadida posteriormente (no séc. XV) ao comezo da obra. Malia que en ambos os dous casos os capítulos escolmados da *General Estoria* e a disposición dos mesmos é case idéntica, a vinculación entre estes dous testemuños non é directa. Porén, si descenden con seguridade dun antecedente común, hoxe perdido, que xa amalgamaba a tradición do ciclo clásico francés introducido na Península (a partir do *Roman de Troie*) e outros

materiais distintos europeos ou peninsulares. O dito antecedente moi probabelmente pode estar vinculado dun xeito moi directo ou mesmo pode ser identificado coa perdida *Estoria de Troya* empregada polos afonsinos na compilación da *General Estoria*.

O noso obxectivo nesta comunicación é, por tanto, amosar unha serie de achegas, a maior parte delas inéditas até o momento (complementarias ao estudado en Pichel Gotérrez 2012ab), sobre a relación entre estes dous testemuños indirectos da *General Estoria*, así como fornecer aos investigadores de novas evidencias que axudan a reconstruír o proceso de conformación da descoñecida *Estoria de Troya* e da súa incorporación no proxecto editorial de Afonso X.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA CABREJAS, Belén (2009), *Alfonso X el Sabio. General Estoria. Segunda Parte*. Madrid: Biblioteca Castro, Fundación José Antonio de Castro, 2 vols.
- CASAS RIGALL, Juan (1999): *La Materia de Troya en las letras romances del siglo XIII hispano*. Santiago de Compostela: Universidade.
- FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, Inés (2000): “Antes de la *collatio*. Hacia una edición crítica de la *General estoria* de Alfonso el Sabio (segunda parte)”, en Aengus Ward (ed.), *Teoría y práctica de la historiografía hispánica medieval*. Birmingham: University Birmingham Press, pp. 124-48.
- GARCÍA SOLALINDE, Antonio (1916): “Las versiones españolas del *Roman de Troie*”, *Revista de Filología Española*, nº 3, pp. 130-135.
- LORENZO, Ramón (2002): “La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios”, *Revista de Filología Románica*, nº 19, pp. 93-123.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2012a): “Tradición, (re)tradución e reformulación da *General Estoria* e na *Estoria de Troya* afonsinas á luz dun testemuño indirecto do séc. XIV”, *e-Spania. Revue Interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales et modernes*, nº 13 (xuño), texto en liña (URL: <http://e-spania.revues.org/21124>), DOI : 10.4000/e-spania.21124.
- (2012b): “Aproximación a un testimonio indirecto (BMP ms. 558) de la sección troyana de la *General Estoria*”, en *Actas del III Congreso Internacional de la SEMYR* (no prelo).
- RODRÍGUEZ PORTO, Rosa M<sup>a</sup> (2012): *Thesaurum. La Crónica Troyana de Alfonso XI (Escorial h.I.6) y los libros iluminados de la monarquía castellana (1284-1369)*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade (Facultade de Historia da Arte), 2 vols.